

Acordo polo que se declara a aldea de Mouteira-Parada no concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) como Aldea Modelo.

A lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia regula as aldeas modelo, un modelo específico de figura de recuperación. En base a isto, o artigo 111.2 da citada lei, sinala:

" [...] 2. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por proposta da persoa titular da súa dirección xeral, atendendo á solicitude do concello interesado e unha vez incorporado ao expediente o informe favorable do órgano xestor do Banco de Terras de Galicia sobre a concorrencia dos requisitos expostos no punto anterior, declarará a aldea modelo. [...]".

O 25.01.2022 tivo entrada no rexistro da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), número de rexistro de entrada: 59/RX163541, solicitude do Concello de Cerdedo - Cotobade, con CIF P3600048G, para que se tramite a aldea modelo de Mouteira - Parada con sometemento ao procedemento previsto na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia e que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural teña en conta, para a tramitación do procedemento, toda a documentación aportada. CVE: 59AHW4RTW26YLNLSQJ9QQJH, verificable en <https://concellodecerdedocotobade.sedelectronica.gal/>

A superficie do perímetro da aldea modelo para a que solicita a súa declaración é de 19,60 ha; que será dedicada, en función das súas características edáficas, agronómicas e socioeconómicas, a aqueles cultivos ou aproveitamentos que se sinalen no seu proxecto de ordenación produtiva.

A zona de actuación da aldea modelo está definida polo perímetro de actuación integral que forma parte da solicitude presentada polo Concello (CVE XfqM1GmxZ7, verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>).

A zona de actuación da aldea modelo cumpre os requisitos previstos o artigo 111.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia conforme se acredita no informe favorable do órgano xestor do Banco de Terras (CVE pskobA8WC7, verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>).

O consello de dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento rural (Agader) do 23.06.2020 delegou na persoa titular de Dirección Xeral de Agader as competencias que lle corresponden en relación cos procedementos relacionados coa aprobación do proxecto de aldea modelo.



De conformidade co sinalado e co previsto no artigo 111.2 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, **INFORMO** que se cumpren os requisitos necesarios para que o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural declare a aldea modelo de Mouteira - Parada, concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica:

O subdirector de Mobilidade de Terras

Alejandro Sánchez de Dios

Por suplencia (Resolución do 29/10/2020)

O subdirector de Planificación e Dinamización do Medio Rural

Alfredo Fernández Ríos

PROPOÑO, á vista do informe, que o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural declare a aldea modelo de Mouteira - Parada, concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica:

A directora xeral.

Inés Santé Riveira.

RESOLVO, á vista da proposta, declarar a aldea modelo de Mouteira - Parada, concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).

A zona de actuación da aldea modelo está definida polo perímetro de actuación integral que forma parte da solicitude do concello de Cerdedo-Cotobade (CVE XfqM1GmxZ7, verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>).

Contra esta resolución , que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante o Consello de Dirección /da Agader , no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 6 e seguintes e 46 Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da resolución . Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica:

O Consello de Dirección.

P.D. (Acordo do 23.06.2020).

A directora xeral.

Inés Santé Riveira.

